

Entrevista a
Miguel Alonso
Diz, autor.



Páxina 6

Premios aos
mellores viños da
Ribeira Sacra



Páxina 10

O Centro
Integral de
Saúde de Lugo
estará rematado
este ano



Páxina 11

A aldea modelo
de Meixide
produce vacún en
extensivo



Páxina 13

O PP reclama
melloras de
accesibilidade á
terminal da
estación da Gudiña



Páxina 14



Verán deportivo e lúdico na Estación de Manzaneda

Páxina 12

Entrevista



Yoya Neira , responsable da Oficina
Municipal de Apoio ao Pobo Ucraíno

"Os refuxiados ucraíños arrastran
o shock emocional por abandonar
de golpe o seu país"

Páxina 2

OIL PINTUCO

Recogida de Aceites y grasas vegetales,
Limpieza de Campanas,
Extractores, Salida de Humos
y Decantadores de grasa.

680 956 669
655 392 375

OURENSE Correo: oilpintuco@gmail.com

RECLAMABLE

Trasniños

ARÁNDANOS

SIN CONSERVANTES SIN COLORANTES

¡Da terra a túa mesa!

Pedidos: 617 41 80 17.

O TRASNO. Rúa Lepanto, 10. Ourense.

Entrevista

Por Roberto Mansilla Blanco

Yoya Neira | Concelleira de Benestar Social, Igualdade e Participación do Concello da Coruña e responsable da Oficina Municipal de Apoio ao Pobo Ucraíno (OMAPU)

"Os refuxiados ucráinos arrastran o shock emocional por abandonar de golpe o seu país"

A chegada de refuxiados ucráinos a Galicia motivou á activación de ferramentas institucionais orientadas á asistencia destas persoas desprazadas polo conflito bélico. Unha

delas é a recentemente creada Oficina Municipal de Apoio ao Pobo Ucraíno (OMAPU) no Concello da Coruña. Falamos coa súa responsable, a concelleira Yoya Neira (PSdeG-PSOE)

Cando e con qué obxectivo creou o Concello da Coruña a Oficina Municipal de Apoio ao Pobo Ucraíno (OMAPU)?

A OMAPU creouse o pasado 21 de marzo coa intención de coordinar e canalizar tódolos servizos e recursos para acoller aos ucráinos desprazados pola guerra que están chegando á nosa cidade. Trátase maioritariamente de mulleres de tódalas idades, que chegan soas ou en familia, e que ca-

recen de recursos, contan coa barreira do idioma e arrastran o shock emocional de ter que abandonar de golpe o seu país, aos seus maridos e fillos e a vida que levaban ata o momento.

Estamos falando dunha experiencia pioneira a nivel municipal en Galicia?

Entendo que cada Concello, na medida das súas posibilidades, está ofrecendo servizos e recursos. No noso caso ten sido fundamental contar con AGA Ucraína, a asociación galega de axuda a Ucraína, que constituíuse

na Coruña pouco antes de crearse a OMAPU e cuxa labor é imprescindible para comunicarnos cos refuxiados e detectar as súas necesidades.

Cal é orzamento e os recursos con que contades?

Dende o Concello puxemos a disposición dos refuxiados tódolos recursos e servizos municipais ao noso alcance: cesión de espazos para actividades e clases de español, reforzo de persoal para tramitación de



familias que residen na Coruña.

Tedes colaboración con outras entidades na Coruña de axuda a refuxiados?

A nosa canle de comunicación principal é AGA Ucraína, pero naturalmente estamos

"Trátase maioritariamente de mulleres de tódalas idades, que chegan soas ou en familia, e que carecen de recursos"

"Ata o momento temos atendido a 286 persoas, unhas 74 unidades familiares"

axudas, acompañamento de voluntarios... A través de acordos con distintas institucións e empresas da cidade estamos tamén financiando programas como o da axuda de acollida: un diñeiro de peto para que poidan afrontar gastos cotiás mentres se tramitan outras axudas. Tamén colaboramos na celebración de eventos para recadar fondos, como a recente carreira Coruña 10.

Cantas solicitudes de axuda de refuxiados ucráinos tedes recibido?

Ata o momento temos atendido a 286 persoas, unhas 74 unidades familiares.

Tedes estatísticas do número de refuxiados ucráinos recibidos no Concello?

Do número total de atencións hai 56

ao tanto do traballo que realizan outras entidades como Cruz Vermella, Cáritas....

E na Ucraína, tedes algún contacto institucional?

Non.

Cal é a receptividade da veciñanza coruñesa á vosa labor?

Magnífica. A Coruña é unha cidade acolledora e estase volcando cos refuxiados. Hai mozos e mozas acudindo ao colexio e integrándose co seus compañeiros. Moitas entidades deportivas da cidade lles abriron as portas; temos peticións para facer acompañamento e voluntariado. Estamos moi orgullosos da empatía e da sensibilidade das e dos coruñeses.



FUCO PRADO





A OTAN que recibirá Pedro

O contexto no que se trasluce o cumio da OTAN a celebrarse en Madrid a finais de xuño non deixa de ser, cando menos, histórico. Vexamos algunhas características que permiten observar como ao carón da guerra na Ucraína, a Alianza Atlántica está redeseñando as súas pezas.

En primeiro lugar, a posibilidade dunha nova ampliación. Mentres Putin vese empanado na guerra ucraína, sen avances nin retrocesos significativos, países historicamente neutrais como Suecia e Finlandia anuncian a súa intención de unirse á OTAN. Toda vez, Turquía veta esa ampliación. En perspectiva, é posible observar como Putin logrou 'resucitar' unha Alianza Atlántica que mira ao cumio de Madrid con expectación.

"Putin logrou 'resucitar' unha Alianza Atlántica que mira ao cumio de Madrid con expectación"

En segundo lugar, a 'asianización' de Putin avanza exponencialmente ao seu distanciamento de Occidente. Isto define unha sincronización euroasiática (non sempre equilibrada) entre Rusia e China con outros mercados emerxentes (India, Irán, Turquía, Paquistán) Parecera que a guerra ucraína tamén 'resucitara', dalgún xeito, un nova versión daquel BRICS que, durante os últimos anos, estaba practicamente desaparecido. Sancionada dende Occidente,

a economía rusa, lonxe do colapso, vese agora subitamente revitalizada por eses aliados asiáticos.

Con China en fase expectante, Rusia observa como estase configurando unha especie de 'nova guerra fría' entre os bloques atlantista e euroasiático. E a isto debe engadirse a xira de Biden por Xapón e Corea do Sur, o seu pacto AUSKUS con Gran Bretaña e Australia e a incesante provocación nuclear de Corea do Norte. En Asia tamén estamos observando a concreción de eixes en fase de confrontación. Xapón rompe con décadas de neutralidade militarista alineándose cada vez máis con Washington. Por outra, un eixe Rusia-China-Corea do Norte comeza a delinarse, con posible implicación cara Turquía, Paquistán e Irán.

A India está inmersa dun delicado equilibrio entre eses eixes.

En terceiro lugar, e como efecto colateral da guerra ucraína, Washington move as súas pezas a nivel hemisférico occidental. A administración Biden anunciou o progresivo levantamento de sancións a Venezuela e Cuba, os dous principais socios de Putin (e tamén de China) en América Latina. Quere obviamente sacar a Moscova e Beijing do seu 'patio traseiro', toda vez

sabe con certeza que a guerra na Ucraína permite a Rusia recuperar dalgún xeito posicións no seu 'patio traseiro' ex soviético e euroasiático. Unha especie de quid por quo xeopolítico.

No caso venezolano, incluso voltarán a ese país multinacionais como Chevron Texaco para 'axudar' a recuperar a industria petroleira venezolana, o que quere dicir, a



que volva ás esferas de influencia estadounidense. Así e todo, Maduro ansía a apertura con Washington sen reducir a súa relación estratéxica con Rusia e China. Quen sabe se así, e co paso do tempo, a Venezuela 'normalizada' termine sendo un interlocutor válido para reconducir as maltradas relacións ruso-occidentais.

Con estas e outras variables, Pedro Sánchez acollerá un cumio da OTAN que promete ser histórico. Como ocorrera con

esa Conferencia de Paz sobre Oriente Próximo celebrada en setembro de 1991 tamén na capital española, Sánchez sabe que se xoga moitas cartas nun cumio no que a OTAN tentará selar o seu novo status, mirando con preocupación a alianza ruso-chinesa.

"Sánchez sabe que se xoga moitas cartas nun cumio no que a OTAN tentará selar o seu novo status"

Toda vez, Sánchez observa dúas crises simultáneas cos seus principais socios enerxéticos (Rusia polo guerra ucraína; Alxeria polo achegamento español con Marrocos en detrimento da causa saharauí), ámbalas dúas moi seguramente incentivadas por Washington para converterse agora no principal subministrador enerxético de Europa ante as sancións contra Rusia. E nesta ecuación xeo-enerxética, a apertura coa Venezuela de Maduro pode resultar esencial para Biden, e tamén para Sánchez.

En termos militares e xeopolíticos, Putin non obterá unha vitoria absoluta na Ucraína pero tampouco iso significa que cosechará unha derrota catastrófica. Sacará ganancias territoriais no terreo, cunha partición de facto de Ucraína e un novo 'Telón de Aceiro'. O relevante é como a súa decisión de invadir Ucraína propiciou unha 'nova orde mundial', renovada con tensións propias da 'guerra fría'. Unha viraxe que definirá o seu roteiro neste cumio de Madrid.

Queren recentralizar a industria audiovisual

O Congreso ven de aprobar cos votos do PSOE e a abstención do PP e UP o proxecto de lei audiovisual que inserirá no Dereito do Estado e cunha demora de case dous anos- unha importante Directiva europea orientada con carácter xeral ao recoñecemento das excepcións culturais e lingüísticas europeas e á promoción das pequenas e medianas empresas neste sector.

Porén, o texto aprobado o xoves 26-M concretou estas liñas xerais no sentido menos favorábel á diversidade lingüística e cultural, ao fomento da creación cultural europea e á promoción das producións independentes. Ratificando outravolta a tese enunciada por Josep Plà no 1918 os políticos españois de esquerda demostraron ser os máis parecidos aos políticos españois

de dereita e velai como:

i) O Estado español só lle esixirá ás produtoras que sobarden na súa facturación os 50 M€ un financiamento anticipado do 5% para obras audiovisuais europeas, fronte ao 12,5% que esixe Francia e o 20% que esixe Italia. Paire sobre este agasallo ás multinacionais do audiovisual o proxecto común dos partidos unionistas de facer de Madrid o grande "hub" audiovisual, de atraer producións e rodaxes, en prexuízo do audiovisual galego e da propia excepción cultural europea.

ii) Desnaturalizouse nas dez de últimas, a medio dunha emenda pactada entre PP e PSOE, o concepto de "produtora independente", en principio a tipoloxía de empresa que a Directiva europea definía para recibir a meirande parte do financia-

mento anticipado de obras audiovisuais europeas esixíbeis ás grandes produtoras. Agora o concepto fica deturpado e podería considerarse que inclúe empresas de feito absolutamente dependentes do duopolio



audiovisual Mediaset (propietaria de Cuatro e Telecinco) e Atresmedia, titular de A3 e La Sexta. Ou sexa, foméntase a produción das multinacionais e do duopolio televisivo, arrumbando ás empresas independentes,

case as únicas xersadoras de produtos no audiovisual galego.

iii) Só se contempla o financiamento directo da CRTVE e non da CRTVG e demais canles autonómicas ás que tamén se lles impediu deducir o IVE soportado na adquisición de bens e servizos.

Fronte esta clara tendencia recentralizadora cómpre recoñecer o traballo de organizacións cidadás como a galega AMesa e axentes profesionais do sector audiovisual galego, que conseguiron algúns éxitos parciais como a garantía do financiamento de obras audiovisuais en galego na TVE, un acordo de boas prácticas para o fomento da tradución das obras das grandes plataformas europeas e o recoñecemento da marxe competencial autonómica para introducir obrigas adicionais para son operadores do servizo televisivo no ámbito autonómico.



Entrevista

Por Moncho Mariño

Ángel Rueda: “Queremos que a xente nova deixe as pantallas pequenas e volva ás grandes”

Ángel Rueda fala con nós sobre a XIII Edición do Festival de Cinema Periférico S8 e a grande ilusión que ten logo destes anos de enclaustramento. Como el di, é necesario deixar de ver series e filmes na casa e saír fóra, volver ás

grandes pantallas e ademais, aprenderlle á xente máis nova como se facía e se pode seguir facendo cinema coas ferramentas de toda a vida. Afastarse do dixital, o centro do universo agora e volver á periferia que son os métodos de sempre.

-Que é o cinema periférico e por que realizar un festival arredor del?

Porque o cinema cando naceu baseouse na experimentación e na exploración de linguaxes. O cinema comezou como unha experiencia colectiva, como un evento con persoas fuxindo cando viron a chegada do tren nas gravacións dos irmáns Lumière. Nós queremos recuperar esas primeiras fascinacións co cinema. Por iso traballamos con formatos orixinais, 35 mm, recuperamos a maxia do cinema en estado puro. E o termo periférico é que o cinema non é o centro de nada senón que vai collendo algo do teatro, algo da arquitectura para facer decorados e a música. Acaba sendo como un Frankenstein, entón buscamos recuperar a importancia dos artistas no cinema. Moitas das persoas participantes non son cineastas profesionais, senón pintores ou artistas doutras disciplinas. Ao final, isto enriquece moito a linguaxe e o futuro do cinema abríndoo ao mundo. Creo que é fundamental mirar arredor e non tanto para adentro das cousas para descubrir cousas novas. Iso é o S8.

-Que resultados vos gustaría ver saír desde o público unha vez vexan as pezas exhibidas?

Xa desde a primeira edición xa

buscamos crear novos públicos, traballando moito a educación e o cinema e a linguaxe. O que nos dá moita forza é ver como se achegan creadores e creadoras doutras partes do mundo onde descubren un espazo de encontro para traballar no futuro. Este ano o S8 convértese nun espazo para estudantes de Belas Artes en Cinema para mostrarnos o seu traballo.

-O programa do S8 deste 2022 apunta que se presentarán a mulleres xa consagradas no cinema experimental.

Amy Harlpen e Ute Aurand teñen unha filmografía extensísima e é unha mágoa non coñecer aquí o traballo desta xente. Levan moito tempo aportando novidades e novas maneiras de ver as cousas. O caso de Amy Harlpen é algo que me fascina. Ela traballa en Hollywood como directora de fotografía en grandes producións e pola contra, di non ter satisfacción traballando no cinema comercial senón que o amor polo cinema aparece cando fai os seus propios traballos con tempo, amor e amodo e sen a presión da billeteira. Debemos recordar que o cinema vai máis aló de pasar unha hora distraído. Harlpen escolleu o S8 para presentar a súa nova longametraxe. Outra convidada é a berlinesa Ute Aurand bebe directa-

mente das fontes do cinema experimental. Estaba aquel director, Jonas Mekas, quen puxo ao alcance de todo o mundo todo este cinema que non é distante ou incomprendible senón quere quitarnos prexuízos de encima. Arand pertence a esa escola e ten un traballo amplísimo. Ambas as dúas estarán aquí na Coruña e farán masterclass explicando para persoas con interese de aprender cousas sobre o cinema.

-Vexo a Lee Ranaldo, fundador daquela banda Sonic Youth, que vén coa súa compañeira Lea Singer, para presentar traballos que fixeron durante os últimos anos ademais de facer unha performance.

Aí tes outra resposta ao de “periférico”. Se só nos fixasemos na carreira musical de Lee Ranaldo perderíamos que Ranaldo estudou cinema a finais dos 80 onde coñeceu a súa compañeira Lea Singer. Cando comezaron coa banda Sonic Youth eles mesmos realizaban os seus vídeos en Súper 8 como exercicios dos seus estudos de cinema. Nós imos ter o privilexio de ver eses vídeos de Sonic Youth na Coruña. Este tipo de artistas que buscan e investigan formas son unha maneira de dicirlle á xente máis nova que se poden facer moitas cousas dentro da arte, e non só estar mirando



só para as pantallas, o mundo é máis amplo. Ademais, o cinema é poder compartir as inquietudes de persoas como Ranaldo que pechará o festival o domingo que vén cun espectáculo onde mesturará o son en directo, a intervención sonora cunha guitarra eléctrica e crea un ambiente sonoro xunto con imaxes de fondo creadas pola súa compañeira. Vai ser o cinema como protagonista en todas as súas formas.

-Diana Barrie e Richard Tuohy quen son estes autores e que é o cinema fotoquímico?

O cinema fotoquímico é o cinema orixinal, o contemporáneo é o dixital. Filmar e revelar, formato tradicional. Estes dous autores teñen un grande valor dentro do cinema porque se o trasladamos a vida diaria, hai moitos oficios que van esmorecendo coa chegada das novas tecnoloxías. Barrie e Tuohy van divulgando como se facía cine de toda a vida e apréndenche como revelar películas na túa casa, como filmar ou como se proxecta. Creo que son alguén fundamental para non perdermos a tradición do cinema feito coas mans. Eles demostran que podes facer cinema construíndo coas túas mans. Do It Yourself. Montaron un taller esta fin de semana e foi un éxito porque nos chegou xente desde

moitos lugares do mundo.

-S8 cos apoios que tedes, o número de participantes e de público estades deixando unha pegada na cidade.

Si e dígoche máis, cando comezamos e agora tamén, eramos un tanto inconscientes pois pensabamos que isto era importante. A xente está cada vez máis illada vendo series e filmes e nós cremos que deben saír fóra e para iso trouxemos todo o máis importante dentro deste contexto, traendo nomes destacados e xente das escolas para que coñezan os artistas. Queremos ser útiles, termos unha utilidade. O resto do ano, nós traballamos residencias artísticas para estudantes e aprenderlles facer filmes en analóxico. Así se coñecen como son os rudimentos, as bases do cinema que logo poden servir para logo ter máis ferramentas de creación. Tamén dentro do festival facemos encontros entre profesionais e novos e novas autoras e expandiren o seu traballo. Outra cousa, nós non damos premios, non facemos concursos, xa hai moitos e cremos que fai falta un lugar para dialogar, descubrir cousas e para seguir traballando de cara o futuro e as novas xeracións que se incorporen, que deixen a pequena pantalla para volveren á grande.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Óscar Valadares | Voceiro da Plataforma Galega contra a OTAN

“O papel da OTAN segue a ser o mesmo; só mudou o seu modo de agresividade”

Que iniciativas está impulsando a Plataforma contra a OTAN en Galicia?

A plataforma naceu este 2022 para socializar a caracterización da OTAN como unha alianza agresiva que persegue intereses imperialistas e para establecer unha serie de actividades de oposición ao cumio que vai celebrar en Madrid, que entendemos é tamén unha aposta do PSOE por continuar normalizando o papel da OTAN e á procura dun papel máis destacado para o estado español. Temos realizado palestras, mesas informativas nos campus universitarios, actos simbólicos, a celebración dunha contracimeira en chave antiimperialista e galega e, nos días previos á cimeira, unha

grande mobilización que vaia ata Madrid esixindo a disolución da OTAN.

Guerra na Ucraína e Cumio da OTAN en Madrid. Estase redefinindo un novo papel para a Alianza Atlántica?

O papel da Alianza Atlántica non mudou desde a súa fundación: segue a ser un clube de Estados imperialistas, de carácter agresivo. O que ten mudado é o modo de exercer esa agresividade, pasando do confronto directo a un indirecto a través de proxies, con países que non se alinean co modelo de hexemonía que a propia OTAN trata de impór: arredor dos Estados Unidos e con algúns países destacados na Europa como comparsas privilexiadas. O papel da

alianza, porén, continúa como estaba.

Cómo valora a axuda militar a Ucraína que brinda o goberno español?

Hai dúas maneiras de avaliar isto. En primeiro lugar, o goberno español pretendía gañar protagonismo enviando esas armas e os equipamentos de combate que saíron de Ferrol e doutras bases para o Mar Negro e outros puntos. Demostrou así ser un aliado servil e funcional para Estados Unidos. Por outra banda, hai que avalialo tamén en relación ao que significa para o curso do propio conflito, que, neste momento, parece ser ben pouco. O único que está garantido e que organizacións declaradamente neonazistas están a ter acceso



a equipamento de guerra. A valoración, polo tanto, non pode ser positiva.

Jesús A. Núñez Villaverde | Co-Director do Instituto de Estudios sobre Conflictos y Acción Humanitaria (IECAH)

"Putin revitalizou á OTAN"



Finlandia e Suecia anunciaron a súa intención de ingresar na OTAN toda vez Turquía exerceu o seu veto a esta ampliación. Estamos ante unha redefinición da Alianza Atlántica e unha posible nova orde xeopolítica global?

Necesariamente si porque o escenario está mudando dun xeito claro. Cos seus erros na guerra na Ucraína, Putin revitalizou á OTAN e colocouna no centro do escenario de cara ao cumio de Madrid cando algúns líderes (Macron, Trump) observaban o posible declive deste organismo. Que dous países non aliñados e neutrais como Suecia y Finlandia finalmente decidiran

ingresar na Alianza Atlántica é unha sinal suficiente para considerar que Rusia non foi quen de atraer amistosamente a países a súa órbita, converténdose ó mesmo tempo nunha ameaza.

Cómo avalía a axuda militar española a Ucraína?

Non é comparable coas doutros países como EE.UU e Gran Bretaña. Incluso se medimos en termos de porcentaxe do PIB, os países bálticos están por diante de España. Considero que é un tema controvertido pero penso que España está facendo o correcto porque Ucraína precisa desa axuda, é un asunto incluso existen-

cial. Con ese subministro de armas non só estamos defendendo a Ucraína senón a nós mesmos porque estamos convertendo a este país no “muro de contención” contra Putin.

Estamos ante unha inevitable carreira armamentística a nivel global?

Desgraciadamente xa é un feito. Estamos observando anuncios de gobernos de incrementar os seus orzamentos militares. Rusia ten 65.000 millóns € en orzamento bélico mentres a Unión Europea ten 200.000 millóns €. Por tanto, este é una dinámica moi difícil de parar.

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Comprometermos coa lingua

Tiven a ocasión de lembrar en foros e artigos, nestas datas próximas ao Día das Letras, a importancia do factor xurídico. Porque a existencia de remudas normativas e da reivindicación dos nosos dereitos lingüísticos haberían ser chave cara ao futuro da nosa lingua. O galego está desprotexido constitucionalmente, ao se recoñecer o deber de saber o castelán sen o correlativo de saber galego. Dende a constatación desta realidade obxectiva todos son desigualdades. Velaquí o ecosistema xurídico que é fonte de todas as xurisprudencias minorizadoras.

Non existe, pois unha cooficialidade

en pe de igualdade. Mais si un conxunto de dereitos lingüísticos que, de se exercer por centos de milleiros, mudaría substancialmente a realidade do galego na nosa sociedade. Velaquí algúns exemplos das posibilidades de exercicio dun compromiso cívico a prol da lingua:

i) Pedirlle aos profesionais da avogacía que defendan os nosos intereses que usen o galego na xustiza e esixan as notificacións de todas as actuacións na nosa lingua.

ii) Esixir das Administracións locais, da autonómica e da periférica do Estado (incluídas a Seguridade Social e as Axencias Tributarias todas) que se tramite o proce-

demento administrativo na nosa lingua.

iii) Requirir das notarías, bancos, compañías de telecomunicacións e de enerxía e aseguradoras que nos entreguen ou remesen toda a documentación contractual, informativa e de facturación en galego.

iv) Reclamar dos clubes deportivos e das asociacións culturais, veciñais, empresariais e sindicais das que facemos parte como seareiros, socios, colaboradores, etc. que usen o galego na súa sinalética, comunicación e documentación interna.

v) Usar sempre o galego na hostalería e comercio minorista en Galicia. Os turistas non teñen obriga de entender o galego e é normal que mudemos de lingua, quer ao castelán, quer ao inglés ou a que sexa. Mais as persoas que traballan cara ao público si, aínda que naceran na China,

Madrid ou o Perú. Quen traballa en Galicia habería de entender o galego para atender a xeito á nosa xente.

vi) Reclamar do SERGAS o uso do galego na medida do que cada quen poida. Evidentemente ninguén vai adiar unha atención médica urxente agardando por un consentimento informado en galego, mais o que cumpriría é denunciar perante a Secretaría Xeral do SERGAS calquera omisión ou vulneración dos dereitos lingüísticos.

O estatuto de cidadanía esixe nunha democracia avanzada o exercicio cívico dos dereitos, malia que nos fagan sair da nosa zona de confort.



Entrevista

Por Moncho Mariño

Miguel Alonso Diz, autor: "O problema non é das linguas, é das persoas, as linguas non se enfrontan"

Miguel Alonso Diz é un autor que aposta pola edición de historias ilustradas. Nesta ocasión ofrece unha historia sobre a xente nova e a súa relación coa lingua. "O país da

choiva" é unha metáfora desa relación e como vai evoluíndo desde un momento preciso, unha noite de tormenta que deixa paso a un día onde o mundo dos protagonistas cambia por completo.

-Cal é o argumento detrás de "O país da choiva"?

Dous rapaces érguense unha mañá despois dunha noite de choiva e descubren que todas as persoas mudaron a súa maneira de falar. Isto motívaos a seguir pistas para buscar a orixe deste fenómeno. Todo isto é unha metáfora da realidade que vive este país coa desaparición da súa lingua. Tamén hai unha serie de personaxes que non se viron afectados por este cambio. É un libro escrito con sensibilidade e moito respecto, de feito os lectores aos que lles pasei o libro eran castelán falantes. Isto porque quería facerlles reflexionar e buscar o por que rompeu ese selo de transmisión interxeracional dentro das familias.

-Quen son os personaxes?

Son un rapaz e unha rapaza, Fonso e Rosalía. Logo hai un bibliotecario que se chama Antonio, logo un secundario, Lois. Estes dous últimos non se ven afectados pola situación. Por outra parte, todos os personaxes teñen nomes inspirados en autores e autoras da nosa literatura. O propio Fonso,

de Afonso Rodríguez Castelao e Rosalía. O libro pretende ir máis alá e por iso vai lanzando fíos a xeito de actividades para os lectores. O libro pretende saír do mesmo libro e ser un canto de amor á nosa cultura. Por outra parte, tamén ten ferramentas dirixidas ao profesorado para que estimule o coñecemento dos personaxes.

-Fálanos das ilustracións deste libro?

As ilustracións están realizadas por Xosé Tomás, que tamén é docente mais tamén ilustrador de longa tradición na nosa cultura.

-O libro non é un cómic senón un relato con ilustracións. Por que escolliches este formato?

Aí entra o espírito de editor que teño e o feito de ter comezado autoeditando. Eu vexo o libro como un todo e, de feito, non o dou por rematado até que o libro ten as ilustracións, mesmo modificando textos se é preciso. O resultado final está marabillosamente editado por Antela, só hai que tocar a capa e as follas. Gústame o libro que ten vida alén de nós, aínda así, as tiraxes de libros

en galego son máis pequenas e o custe máis elevado, por iso hai persoas que teñen un produto dunha determinada calidade. Gústame o libro ben editado e que a xente se achegue a el porque iso tamén é unha imaxe do que é a lingua. Hoxe en día a rapazada está influída polo visual, que tamén comunica, mais eu crieime no cómic ou TBO que é unha grande fábrica de lectores. O visual é importante porque a rapazada entra moito pola imaxe. Ti ves a capa deste libro e o deseño xa te chama. Entón non considero que sexa un elemento accesorio nin un adorno, para min a ilustración é un elemento fundamental dentro dos libros. Por iso digo que Xosé Tomás fixo un magnífico traballo e entre nós houbo entendemento. Un exemplo é a Rosalía, buscaba unha persoa máis normal, máis próxima a un aspecto medio sen reproducir estereotipos porque a ilustración comunica.

-Por que Xosé Tomás neste caso?

Xa colaboramos cun traballo no pasado e eu estaba con este proxecto. Coñezo moito o seu



traballo e nunha conversa faleille do libro e el implicouse na realización das actividades. A ilustración del encaixaba co espírito deste libro. Non obstante, eu colaboro moito con Luz Beloso, mais desta volta o tempo non nos daba aos dous. En canto ás ilustracións quíxose transmitir un ambiente optimista sen un aspecto gris ou triste, por iso as cores son vivas.

-Cal foi a reacción da xente nova que leu "O país da choiva"?

A percepción de quen leu o libro foi positiva. O libro escribino en galego que fai o contrapunto neste caso co castelán e tamén metín algo de inglés para darlle un equilibrio. Porque o problema non é das linguas, é das persoas, as linguas non se enfrontan. Buscábase despertar a reflexión ás persoas que leran este traballo. Recibín unha mensaxe dunha lectora a quen o pai non lle falara en galego mais si o facía con

outra xente, mais non cos fillos, cousa que ella repetiu, até que caeu na conta e preguntou "por que pasa isto?". Eu non incidir sobre os actores deste drama sobre a lingua, mais si podo entrar nos fogares a través do libro e levar á reflexión. Isto hai que facelo con moito coidado e sensibilidade pois é algo íntimo como é a fala. Eu o que quero e facer reflexionar. Hai parellas en que hai alguén falando galego mais non llo falan aos fillos, aí a nosa lingua morre. En vilas pequenas de 3.000 persoas por exemplo, onde os rapaces descoñecen a lingua e o código. Para min o elemento desgaleguizador non é a escola, xa veñen desgaleguizados.

-Que resultado buscas con este libro?

Pois que unha persoa prenda no libro, pois a lectura é diversión ademais de que os libros precisen dun tempo de reflexión e deixen un pouso dentro das persoas.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·

· ACCIÓN DO BANCO POPULAR ·

Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA

Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Bicentenario da Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña celebrou un pleno extraordinario para conmemorar o día do bicentenario da súa constitución oficial, o 1 de xuño de 1822.

Nesta efeméride histórica, a Deputación reuniu aos sete presidentes da institución durante a etapa democrática Enrique Marfany (1979-1987), José Manuel Romay Beccaría (1987-1989), Salvador Fernández Moreda (1989-1995 e 2003-2011), Augusto César Lendoiro (1995-1999), José Luís Torres Colomer (1999-2003) e Diego Calvo Pouso (2011-2015) acompañaron ao actual presidente, Valentín González Formoso, e tiveron a oportunidade de intervir de novo ante o pleno da corporación para falar do seu pasado e do seu fu-



turo. ción modélica", por enriba das diferencias políticas, que se caracteriza polo traballo en equipo e a súa eficacia.

Salvador Fernández Moreda, o

presidente que máis tempo estivo á fronte da Deputación da Coruña na etapa democrática, lembrou as orixes da institución ao abeiro da Constitución de 1812.

900.000 € para a limpeza de praias coruñesas

O Boletín Oficial da Provincia publicou a concesión provisional do programa de limpeza de praias 2022, a través do cal a Deputación da Coruña concedeu 900.000 euros entre 41 municipios costeiros da provincia.

A finalidade do programa é

apoiar aos concellos coruñeses no sostemento dos gastos de contratación do persoal das brigadas que se encargarán da limpeza dos areas da provincia, así como da adquisición do material necesario, coma o vestiario ou o combustible.

A Deputación destina 704.000 euros para reactivar o sector das orquestras e verbenas



O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, presentou hoxe a nova liña de axudas provincial para reactivar o sector das orquestras e verbenas en Galicia, dotada de 704.000 euros e dirixida a que os concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes poidan contratar directamente a orquestras e/ou subvencionar ás comisións de festas para a súa contratación.

No acto de presentación desta liña extraordinaria de axudas que se enmarca dentro do Plan de Emprego Local (PEL) tamén estiveron presentes o portavoz do goberno provincial, Bernardo Fernández; o deputado Ángel García Seoane, e o representante de OTAVI (Asociación de Orquestras Tradicionais ao Vivo) e responsable da Oca Band, Dani Dopazo, ademais doutros cantantes e músicos de coñecidas orquestras galegas como a París de Noia, Los Satélites, ou Metrópolis e o representante de Gaias Eventos, Luís Soto, que asistiron como público.

Na súa intervención, Formoso destacou "a dimensión económica dunha actividade na que Galicia se sitúa á vangarda de España, xa que xera 5.000 empregos e factura preto de 30 millóns de euros, o 70% da facturación do sector en toda España".

O presidente provincial tamén subliñou o "arraigo e a tradición que este sector ten en Galicia, cunha estrutura estable e organizada conformada por ao redor de 300 orquestras, entre as que se atopan algunhas das máis importantes do país, que xiran por todo o Estado".

"Nos 313 concellos galegos hai 3.000 comisións de festas, case tantas como parroquias e cada ano hai 2.400 festas e máis de 5.000 actuacións", salientou, "por iso, a través desta liña de axudas continuamos co noso compromiso coa reactivación económica" tamén cun sector "que se viu paralizado durante a pandemia" e que tivo problemas para acceder aos ERTes que beneficiaron a outro sectores profesionais.

RAG lanza a campaña 'Toponimízate 2022'

A iniciativa de divulgación da toponimia galega Toponimízate. Falámosche dos nomes da túa terra duplica neste ano 2022 a oferta de actividades e chegará a 17 concellos.

Coordinada pola Real Academia Galega, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a campaña chega á súa quinta edición co obxectivo principal de difundir o valor da riqueza toponímica.

Pantón, Sada, Laza, Chandrexa de Queixa, A Fonsagrada, Covelo,



Castrelo de Miño, Rodeiro, Fisterra, Ortigueira, Allariz, Oleiros, Pontearreas, Forcarei, Zas, Guntín e O Incio son os concellos onde se impartirán as charlas con este

dobre obxectivo.

A campaña desenvolve o portal Galicia Nomeada, que permitiu recuperar máis de 43000 micro-topónimos desde finais de 2019.



MIRANDA
LIBRERÍA

en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal

Seguridade para o San Xoán na Coruña

A alcaldesa da Coruña, Inés Rey, indicou que 400 persoas formarán parte do dispositivo de seguridade así como as normas que rexerán as celebracións do San Xoán 2022, declarada como Festa de Interese Turístico Internacional.

O día 23 de xuño estarán permitidas as sardiñadas e churrascadas, sempre e cando non ocupen a calzada nin entorpezan a circulación de vehículos. Na noite do 23 de xuño estará permitida a realización de fogueiras



en espazos de titularidade pública. O Concello contará con 120 toneladas de madeira para repartir entre a cidadanía na

contorna do Paseo Marítimo, Oza e San Amaro. Tamén existirán Puntos Violeta de información contra a violencia machista.

Novo tanque no Aquarium Finisterrae

O Aquarium Finisterrae abrirá un novo tanque de augas profundas na súa sala Maremagnum trala remodelación levada a cabo polo Concello da Coruña. Neste tanque recrease un ecosistema de fauna profunda, con especies que viven entre os 100 e os 400

metros de profundidade, en auga fría, a 12 graos, e con escasa luz.

Así o anunciou a alcaldesa Inés Rey, quen recordou tamén que desde a apertura do Aquarium, da que se cumpren 23 anos o día 5 de xuño, pasaron por alí máis de 6 millóns de visitantes.



Nova zona de baño do Parrote

O Concello da Coruña abrirá a nova zona de baño do Parrote o próximo 15 de xuño, coincidindo co comezo da temporada de praias na cidade. O persoal municipal balizou a área xunto ao espigón do Parrote formando un rectángulo paralelo ao paseo peonil cunhas medidas aproximadas de 150 metros de ancho e 50 metros de longo. Ademais, mellorarase a escaleira de acceso á auga, colocaranse dous aros salvavidas, contará con dous socorristas e haberá dispoñible unha



moto de auga e unha ambulancia na zona.

A intervención promovida polo

Goberno municipal de Inés Rey conta cun orzamento superior aos 44.000 euros, IVE incluído.

RAG publica guía para o plurilingüismo inclusivo

A Real Academia Galega presentou na Casa da Cultura do Milladoiro *Ideas para un plurilingüismo dende o galego no Concello de Ames*, unha guía que responde á de-

manda de formación do profesorado e a planificación dos centros educativos.

A publicación dálle continuidade á liña de traballo da RAG e do Concello de Ames que deu

lugar ao mapa sociolingüístico escolar do municipio e sae do prelo co apoio económico do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021-2022 da Xunta de Galicia.

V Primavera do Camiño Inglés en Sigüeiro



A Asociación de Concellos do Camiño Inglés acordou o aprazamento da quinta edición de Primavera no Camiño Inglés, polo mal tempo. Prevista para o sábado 4 de xuño, será finalmente o domingo 12 de xuño, na alameda de Góis, Sigüeiro (Oroso).

Todas as actividades de Pri-

mavera no Camiño Inglés son de gratuítas, se ben o número de prazas é limitado. Entre as 11:00 e as 22:00 horas, a Alameda acollerá os postos nos 18 municipios polos que discorre esta ruta xacobeá, que darán a coñecer a súa variada oferta turística, cultural e gastronómica a través de diferentes actividades.

PSdeG-PSOE critica a situación laboral e informativa da CRTVG

A través da presentación dunha pregunta oral ao director xeral de CRTVG, a deputada socialista Noelia Otero criticou "máis de 10 anos de incumprimentos" da lei de medios públicos de Galicia por parte de CRTVG ao continuar sen Estatuto Profesional nin Consello de Informativos.

Criticou que o persoal laboral está sometido a "represalias e ostracismo" por defender que se cumpra a lei tras "catro anos de protestas". Apuntou a "contundente sentenza" do TSXG que constata a vulneración de dereitos fundamen-

tais por parte da CRTVG a un traballador a quen se lle abriu un expediente disciplinario pola súa participación nos Venres Negros.

Así mesmo, Díaz alertou da "ausencia de perspectiva de xénero" para o tratamento da violencia machista nos medios públicos galegos. Fíxoo a raíz da entrevista realizada o pasado 5 de maio, no programa Zona Mixta da Radio Galega, ao avogado experto en dereito deportivo Pablo Viana, en relación ao caso do futbolista Santi Mina, condenado a catro anos cárcere pola agresión sexual a unha muller.

PSdeG rexeita o nomeamento de Feijóo e Tellado como senadores

O PSdeG vén de rexeitar a designación de Feijóo e Tellado como senadores por designación autonómica, tras abstéñense na votación dun pleno extraordinario no Parlamento.

O voceiro socialista Luís Álvarez

considerou que "o PP está a facer un uso incorrecto da figura de senador ou senadora por designación autonómica, que ten como principal obxectivo defender os intereses da comunidade autónoma". Así, criticou o "uso partidista" desta figura por parte do PP.

A Xunta recuperará vexetación de ribeira e o remonte da fauna piscícola nos ríos de Quiroga

A Xunta de Galicia investirá máis de 110.000 euros en tres tramos do río Lor e dos seus afluentes Lóuzara e Maior no marco dunha intervención medioambiental para recuperar o bosque de ribeira en ambas marxes e mellorar a conectividade fluvial co obxectivo de facilitar o fluxo das poboacións piscícolas mediante actuacións directas en tres presas. Ángeles Vázquez, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, presentou os detalles do proxecto no lugar de Conceado, un dos puntos nos que se vai actuar e onde estivo acompañada do alcalde de Quiroga, Julio Álvarez, da alcaldesa de Folgoso do Courel, Dolores Castro, e do delegado territorial da Xunta

en Lugo, Javier Arias.

A responsable autonómica explicou que os traballos se enmarcan no proxecto Mil Ríos, unha iniciativa do seu departamento cun orzamento global de 5 millóns de euros procedentes dos fondos NextGenerationUE e coa que aspira a mellorar 470 quilómetros de 50 cursos fluviais galegos para aumentar así a súa resiliencia e capacidade de resposta ante o cambio climático.

Trátase dunha das actuacións máis ambiciosas que levará a cabo a Xunta grazas ao financiamento europeo asignado a Galicia para iniciativas de restauración e da conservación dos ecosistemas e da súa biodiversidade. No caso concreto dos tres ríos lucenses,

Ángeles Vázquez explicou que os traballos se centrarán, por unha banda, en recuperar a vexetación de ribeira na zona escollida para a intervención, eliminando especies exóticas invasoras —sobre todo, mimosas— e plantando outras autóctonas; e por outra, en mellorar a conectividade fluvial mediante a supresión de obstáculos e barreiras. Neste último caso, actuarase augas abaixo do río Lor para facilitar o remonte dos peixes mediante o rebaixe do nivel de coroación das tres presas que hai na zona.

A conselleira indicou que se prevé eliminar ata cinco elementos co obxectivo de que a lámina de auga poida superalos e se mellore deste xeito o paso das troitas. Cun orzamento de 70.000 euros,



Acometerase a rexeneración de corgas e dunha zona afectada polo lume.

esta parte da intervención medioambiental no río Lor centrada nas súas presas financiarase con fondos NextGenerationUE procedentes, neste caso, dos investimentos que realizará a Xunta na Reserva de Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, como entidade xestora do espazo natural.

O alcalde de Quiroga tamén salientou a importancia desta actuación para a zona polo impacto beneficioso que terá sobre “a calidade de vida” de veciños e visitantes a recuperación deste tramo

do Lor, un río, dixo, “moi querido por todo Lemos, moi querido por todo O Courel e moi querido por todo Quiroga”. En canto ao ámbito no que se desenvolverán os traballos a zona escollida atravesará os concellos lucenses de Quiroga, Folgoso do Courel e A Pobra do Brollón, abrangendo 7,05 hectáreas e 4,7 quilómetros de río divididos en tres tramos: río Maior (desde a desembocadura no Lor); río Lor (a partir da igrexa de Santa Mariña de Barxa); e río Lóuzara (desde a ponte da estrada LU-P-1306).

Chantada, Pantón, Ribas de Sil e Sober corrixen impactos paisaxísticos

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda concedeu axudas por importe global de 57.600 euros para corrixir impactos paisaxísticos en equipamentos e edificios municipais de Chantada, Pantón, Ribas de Sil e Sober. A Consellería vén de resolver esta orde de axudas, convocada en xaneiro por 600.000 euros e cuxo crédito acaba de ampliarse ata os 800.000 euros. Recolle dúas liñas de actuación: a primeira subvenciona obras para emendar o impacto negativo que causan sobre a contorna edificacións nas que se prestan servizos municipais, e a segunda está pensada para mellorar equipamentos públicos propiedade dos concellos, con especial fincapé nos elementos etnográficos.

As achegas poden acadar o 70% do custo estimado —ata un máximo de 20.000 euros por liña— e as actuacións deben adaptarse aos criterios fixados na Guía de cor e materiais de Galicia ou aos da Guía de boas prácticas de ca-



En Pantón a mellora afectará a esta nave municipal.

racterización e integración paisaxística de valados.

O Concello de Pantón mellorará o aspecto da nave, substituíndo a cuberta de chapa por outra de panel tipo sandwich, e recebando e pintando os muros de bloque, ademais de incorporar canles e baixantes de aluminio lacado e construír un novo peche da parcela. Recibe a achega máxima de 20.000 euros.

Ademais, Sober recibe 14.000 euros para renovar o palco da música de Proendos, Ribas de Sil terá 13.000 euros de financiamento para actuar nos paramentos verticais dun depósito de augas municipal e dun muro de contención situados na área recreativa de San Clodio, e Chantada contará con 10.500 euros para actuar no lavadoiro da Portada, na traza do Camiño de Santiago.

Agrupación Tradicional da Casa da Música de Chantada



O músicos posando diante da Casa da Música.

A Agrupación Tradicional da Casa da Música de Chantada presentouse en sociedade con motivo da Feira do Viño de Chantada. Os seus integrantes están vinculados ou estiveron a esta escola municipal de música. Óscar Rodríguez, o director, é profesor de gaita na Casa da Música. “É unha agrupación de música tradicional na que hai gaitas, tambor, bombo e pandeiretas”. Tén un formato similar ao das bandas de gaitas, pero eles prefiren fuxir desa denominación e das reminiscencias marciais que a veces supón.

Na súa estrea na edición deste ano da Feira do viño de Chantada non vestiron ningunha versión do típico traxe tradicional galego, senón que puxeron roupa de carroceiros. É a súa homenaxe ao Folión de Carros, que este ano volverá en agosto logo da súa ausencia forzosa nos anos 2020 e 2021. A maior parte dos integrantes desta nova agrupación musical chantadina son alumnos da casa da Música. O grupo está formado por músicos desde os 7 anos ata os 60. Para algún foi esta a primeira actuación en público. Todos levan un par de meses ensaiando.

Premios aos mellores viños da Ribeira Sacra

O Consello Regulador da D.O. Ribeira Sacra celebrou a XXVI edición da Cata dos Viños da Ribeira Sacra. A esta edición finalmente entraron a concurso 79 mostras de 31 adegas. Conforme ás bases da cata na categoría de Viños Tintos participaron 25 mostras, na categoría de Viños Brancos participaron 15 mostras e noutras Anadas había 39 mostras rexistradas. Despois da Cata Final resultaron premiados na XXVI Cata dos Viños de Ribeira Sacra os seguintes viños:

Na categoría de brancos: Terceiro premio: Ponte da Boga, de Adegas Ponte da Boga. Segundo premio: Adegas Vella, de Jorge Feijoo González. Primeiro premio: Peza do Rei, de Adegas Cachín.

Na categoría de tintos, os premiados foron: Terceiro premio: Prómene, de Adegas Petró. Segundo premio: Prómene Singular, de Adegas Petró. Primeiro pre-



Representantes das adegas premiadas.

mio: Instinto Romano, Miguel Pavón Reinoso.

Na categoría Viños doutras Anadas presentáronse 39 viños polo que se establecen tres Medallas de Ouro. Os premios recaeron en: Don Bernardino 4ª Xeración Mencía barrica 2018, de Don Bernardino; 12 Adegas Vella Mencía barrica 2020, de Jorge Feijoo González e Prómene Singular Mencía 2020 de Adegas Petró.

O panel de cata desta edición estaba integrado por 12 catadores: Ramón García Bernárdez, Mercedes González Rodríguez, Miguel Ángel Martín, Jorge Luís Mazaira Pérez, Antonio Manuel Magallhaes, Alberto Levi, José María Martínez Alonso, Mª Eugenia Medina González, Maira Rato Fernández, Juan Anxo Fernández Martínez, Rosa Domínguez Domínguez, María Isabel Mijares e García de Pelayo.

O presidente da Xunta na Feira do Viño de Chantada



Alfonso Rueda, presidente da Xunta, referiuse ao sector vitivinícola como un dos motores clave da economía do rural galego e, moi especialmente, da Ribeira Sacra. Non en van, esta zona conta con 2.300 viticultores e 98 industrias e, o pasado ano, rexistrou unha produción de viño cualificado de máis de 3,7 millóns de litros, cun valor económico de 21 millóns de euros.

Durante unha visita á XXXIX Feira do Viño de Chantada, Rueda garantiu o compromiso da Xunta co sector, tanto na súa aposta pola calidade, a internacionalización e a innovación, como tras episodios como o rexistrado hai algúns días na comarca por mor do pedrazo. Desde o primeiro momento, técnicos da Administración autonómica desprazáronse á zona para avaliar danos e xa se están coordinando medidas paliativas.





Adegas Vella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA - Ourense.
Tfns. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Consello Regulador Denominación de Orixe



Ribeira Sacra
Denominación de Orixe

TERRAS BENDAÑA

Bebe como vives
Terras Bendaña
é outra historia

CHANTADA



LOTERÍA
RIBEIRA SACRA

982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo

Café-bar PENELA

Menú.
Tapas.
Racións.
Terraza
interior.

Avda. Monforte, 63. Tfns 982 440 659 / 646 886 457. CHANTADA

Redacción LUGO

O Centro Integral de Saúde estará rematado este ano

As obras do Centro Integral de Saúde (CIS) no barrio da Residencia, de Lugo, acadan o 70% da execución e se rematarán este ano, grazas a un investimento da Xunta de 12 M€. A perfilaría de muros nos patios atópase executada ao 90%, pendente de instalar os vidros para comezar cos revestimentos interiores de madeira e pavimentos. As instalacións interiores están executadas tamén ao 90%, á falta do avance nos teitos para instalar os elementos de remate; e algo máis adiantada, ao 95%, está a tabicaría. A envolvente térmica exterior do edificio está completada ao 80%; mentres a

fachada de pedra acada un grado de execución do 60%. Tamén están instalados os ascensores, á falta de remates e da realización de probas. En maio colocáronse as portas e o resto de carpintería de aluminio.

Co ritmo actual das obras neste ano estará rematado o Centro Integral de Saúde, que dotará a Lugo dun equipamento sanitario de vangarda e que será, tamén, o primeiro centro destas características que a Xunta porá en servizo en Galicia.

O Centro Integral de Saúde constrúese rehabilitando o antigo hospital Materno Infantil, recuperando a estética orixinal do edificio do ano 1950, que ademais

se executa tendo moi en conta a función para a que está deseñado, xa que será un novo equipamento sanitario de futuro ao servizo dos veciños.

Este edificio aglutinará un centro de saúde moderno e accesible, con acceso pola fachada principal, a nivel de planta 0; un Punto de Atención Continuada (PAC) con servizo de urxencias, con acceso independente pola fachada traseira; centro de saúde mental, que ocupará o andar -1, tamén con acceso exclusivo pola parte traseira; e base do 061, na planta -1 na parte de atrás.

No seu conxunto o novo centro de saúde disporá de 8.000 m² de superficie construída e máis de



A actuación está financiada pola Unión Europea.

5.500 m² de superficie útil distribuídos en 6 andares (desde a planta -1 á 4). Esta superficie permitirá albergar as 46 consultas do centro de saúde e do PAC; e as 22 consultas reservadas ao centro de saúde mental.

No interior, os espazos de cir-

culación e de espera foron deseñados dando protagonismo á luz natural e ás vistas, procurando unha estética limpa e moderna. Tamén contará con patios xerados a partir do baleirado de parte do volume existente que favorecen a entrada de luz natural.

Elena Candia elixida vicepresidenta do Parlamento galego

A presidenta provincial do PP de Lugo, Elena Candia (Mondoñedo, 1978), foi elixida vicepresidenta primeira do Parlamento en substitución de Diego Calvo, que entrou recentemente no Goberno da Xunta como vicepresidente segundo e responsable de Presidencia, Xustiza e Deportes. O Parlamento elixiu a Candia como vicepresidenta cos 40 votos do seu grupo a favor (posto que Alberto Núñez Feijóo e Miguel Tellado xa renunciaran á súa acta de parlamentarios) e 32 votos en branco dos grupos da oposición, PSdeG e BNG.

Candia, que é licenciada en Dereito pola UDC e doutoranda no estudo de entes locais, pasa así a ser a vicepresidenta do Legislativo galego e deixa de ocupar a vicepresidencia terceira do grupo parlamentario do PP, maioritario na Cámara.

Por outra banda, Candia, presidenta do PP na provincia de Lugo agradeceu a Alfonso Rueda Valenzuela, que dese inicio en Lugo á campaña de cara ao congreso galego. “Empezas en Lugo, diante os artífices dos mellores resultados en porcentaxe de apoio



Elena Candia con Alfonso Rueda Valenzuela.

ao proxecto do Partido Popular en Galicia e tamén dos mellores en España. Dende o 2016, o noso proxecto político logrou nas diferentes citas electorais arredor de 5 ou máis puntos por riba da media galega, por poñer un exemplo”.

Alcaldía de Lugo

Candia manifestou que “Lugo sempre foi determinante no apoio ao noso proxecto político”. En relación ás eleccións autonómicas “foi contundente o apoio dos lucenses que contribuíu a acadar as distintas maiorías absolutas”. Incluso, nas dúas últimas citas coas urnas, o PP logrou superar o 50% dos votos dos lucenses: o 52,85% no 2016 e o 54,64% no 2020, o que supón un 5,32% máis que a media galega no

2016 e un 6,68% no 2020.

A popular engadiu que “o PP lucense seguirá sumando, como sempre fixemos, porque, co PP nos gobernos, os lucenses sempre estivemos seguros. Foi durante os 13 anos de goberno de Feijóo, serán co presidente Rueda e serán próximamente no Goberno de España, con Alberto”, remarcou.

Candia asegurou “que Lugo non defraudará. Imos a por todas: queremos manter as alcaldías e acadar outras novas como a de Lugo capital; e queremos dar o salto á Deputación. Sabemos que quedan meses de traballo; un traballo que non comezou hoxe nin onte, feito moita veces en silencio e que non se traslada nos medios ou públicamente, pero que ten peso e pouso.

A Xunta mellora o firme na estrada LU-213 en Chantada



As melloras rematarán a mediados de xuño.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de iniciar as obras de reforzo do firme en 7,2 quilómetros da estrada autonómica LU-213, que comunica Chantada co Alto do Faro, onde conecta coa vía de altas prestacións CG 2.1.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou a marcha dos traballos, que servirán para mellorar a vía desde o seu inicio en Chantada ata uns 200 metros pasada a travesía de Limiñón, na parroquia chantadina de Muradelle. Arias explicou que nos 4,6 primeiros quilómetros desde Chantada os traballos consisten na realización de fresados e a reposición localizada do firme nos puntos máis deteriorados.

Nos 2,6 quilómetros restantes estenderase unha nova capa de rodaxe en toda a lonxitude.

A rehabilitación do pavimento faise con mestura bituminosa en quente en todo o treito. Unha vez finalizadas as obras, repintaranse as marcas viarias. As obras teñen un prazo total estimado de tres semanas. Arias afirmou que a mellora beneficiará a moita veciñanza da zona á que da servizo esta estrada. En Limiñón, onde a nova capa de rodaxe xa está executada, a LU-213 conflúe con outras dúas vías autonómicas: a LU-202 -que continúa ata Pensasillás, na parroquia chantadina de Laxe e a LU-211, que conecta co Alto de San Roque, en Taboada.

Redacción LUGO

A Estación de Montaña programa o verán con máis eventos deportivos e lúdicos da súa historia

Por Raquel Iglesias.

Manzaneda xa non é só sinónimo de neve, senón tamén de aventura. A ción de Montaña redobrou a súa aposta pola desestacionalización co programa de verán con máis eventos deportivos e lúdicos da súa historia. Desde maio e ata finais de ano, o ritmo é de entre dous e tres propostas deportivas ao mes, ás que haberá que engadir concertos todas as semanas dos meses de xullo e agosto.

A filosofía é a mesma que se implantou desde o comezo desta nova etapa, cun cambio na xestión tras a pandemia. Por unha banda, sacar o maior rendemento posible da neve cando a haxa ou se dean as condicións meteorolóxicas para fabricala, pero sobre todo apro-

veitar as posibilidades da Estación durante todo o ano e moi parti-
preven atraer a centenas de afeccionados aos deportes de

“Elas cantan” en xullo e agosto, cun fío condutor: só participan grupos liderados por mulleres

cularmente no verán.

Así, xa desde finais de abril deste ano, Manzaneda é o escenario de diferentes probas relacionadas coa bicicleta ou o mototurismo, entre outras disciplinas. Unha vez que xuño chega ao calendario e despois do éxito das citas deportivas de maio co Trofeo Manzaneda Bike Park DHI, a marcha mototurística Adventure Galicia e o DHS Tour 2022, programáronse novos eventos que

aventura. Espérase así un mes cargado de adrenalina cunha carreira extrema de montaña e unha proba de enduro. E os eventos de deportivos seguirán ao mesmo ritmo ata finais de ano.

O complemento lúdico á actividade deportiva serán os 9 concertos do ciclo “Elas cantan” que terán lugar todos os sábados dos meses de xullo e agosto, cun fío condutor: só participan grupos liderados por mulleres.



E a todo iso sumaranse as actividades da propia Estación de Montaña, que para esta nova temporada ampliáanse cun rocódromo infantil, unha pista de paintball, roteiros en bicicleta eléctrica ou novos parques multiaventuras, un deles adaptado para menores de 6 anos. Complementarán as xa ofertadas o ano pasado: bike park adulto e junior, roteiros dacabalo, tiro con arco, tirolesa, telecadeira turístico ou piscina e circuito termal.

Ademais, desde o mes de abril están a rexistrarse visitas de alumnos de colexios de toda Ga-

licia, con estancias de 2 noites e 3. E durante o resto do verán farano os asistentes aos campamentos da Xunta de Galicia, o que garantirá un cheo na Estación entre semana.

En definitiva, a Estación de Montaña abunda na súa intención de ser o referente en Galicia para o deporte e a aventura en contacto coa natureza, así como para o lecer e o relax en familia durante os 365 días do ano, con ou sen neve.

Tanto as novidades como o resto de propostas poden consultarse na web www.manzaneda.com.

Plan territorial especial para San Fiz de Asma

AXunta de Galicia aprobou inicialmente o Plan territorial especial (PTE) de San Fiz de Asma en Chantada, o primeiro documento destas características que se promove na Comunidade e que ten como obxectivo garantir unha ordenación do territorio que preserve o patrimonio natural e cultural que alberga esta paisaxe construída singular e altamente representativa da Ribeira Sacra.

O PTE de San Fiz de Asma enmárcase dentro do chamado Plan de acción estratéxico para a Ribeira Sacra, un conxunto de medidas que, como explicou Ángeles Vázquez, impulsou a Consellería en setembro de 2019 co obxectivo de mellorar a planificación e a protección deste territorio a cabalo entre as provincias de Lugo e Ourense. Para isto, o Plan inclúe un paquete de 10 propostas a nivel ambiental, paisaxístico e urbanístico, a maioría delas xa en marcha, e das que



Javier Arias, Ángeles Vázquez e Manuel Lorenzo Varela.

se beneficiarán un total de 30 concellos, cun investimento global de máis de 4,5 millóns de euros.

Unha destas medidas é o PTE de San Fiz, un documento que xorde da declaración da Paisaxe cultural da Ribeira Sacra como Ben de interese cultural a finais do ano 2018, momento no que se considerou necesario realizar

unha ordenación detallada desta parroquia.

As súas condicións xeolóxicas e morfolóxicas, os valores patrimoniais e a xeografía, xunto cunha recente ocupación, confírenlle unha identidade diferenciada doutras paisaxes que a fan tamén altamente representativa dos atractivos da Ribeira Sacra.

Sober homenaxea a Jaime Pérez Fortes, garda civil falecido en Kosovo



Acto no cuartel da Garda Civil de Sober.

O Concello de Sober organizou un emotivo acto para homenaxear ao policía xudicial da Garda Civil Jaime Pérez Fortes, que faleceu en Kosovo, no transcurso dunha misión humanitaria, no ano 1999. O alcalde, Luís Fernández Guitián, presidiu o acto na súa memoria que tivo lugar na praza do cuartel da Garda Civil da localidade no que se descubriu un monolito e no que non faltou a música e a lectura dun poema.

Os restos mortais do policía xudicial están enterrados no ce-

miterio de Proendos. O motivo de que se elixiu esta data para homenaxear ao Jaime Pérez é que, de seguir vivo, cumpriría cincuenta anos. Á homenaxe asistiron os seus pais, así como o coronel xefe da Comandancia da Garda Civil de Lugo, Miguel Ángel González; a subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, e o xefe territorial de Presidencia da Xunta de Galicia, Gerardo Criado. Tamén participaron o capitán da Garda Civil de Monforte, o comandante de posto de Sober e membros da corporación municipal.

A aldea modelo de Meixide produce vacún en extensivo

A Xunta informa de que vén de arrancar a posta en produción na aldea modelo de Meixide, no concello ourensán da Veiga, cunha explotación de vacún en extensivo. Esta figura de posta en valor -contemplada na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia- abrangue neste caso unha superficie de 71,25 hectáreas na contorna do núcleo de poboación que se busca dinamizar, distribuídas en 646 parcelas de 151 propietarios.

Acometéronse as obras e infraestruturas necesarias para a posta en produción, como peches perimetrais, pastores eléctricos, refuxios para o gando, comedeiros, bebedoiros, e o acondicionamento de camiños. Tamén se realizaron traballos de limpeza nos predios que asumiron o compromiso de adhesión ao Banco de Terras de Galicia.

As aldeas modelo son un dos



Gando en extensivo en Meixide, no Concello da Veiga.

principais instrumentos que recolle a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, xunto cos polígonos agroforestais e as agrupacións de xestión conxunta. Actualmente hai 19 aldeas aprobadas na comunidade, para recuperar preto de 525 hectáreas distribuídas en case 8.600 parcelas de preto de 2.200 propietarios.

Mediante estas figuras, perséguese avanzar na recuperación

da actividade económica e social dos terreos en situación de abandono e infrautilización, así como dos núcleos incluídos neles. O obxectivo é fixar poboación e mellorar a calidade de vida nestas zonas, ao tempo que se aumenta a seguridade das persoas e dos seus bens ao exercer este aproveitamento das terras de devasa natural fronte aos incendios forestais.

A Xunta reforza a seguridade viaria na Vía da Prata

A Xunta rematou as obras de reforzo da seguridade viaria na estrada OU-112 ao seu paso polo Concello de Laza (Ourense), no treito coincidente co Camiño da Vía da Prata, co fin de favorecer o tránsito seguro dos peregrinos. Incluíu a execución dunha senda e o reforzo da sinalización horizontal e vertical ao longo de algo máis de medio quilómetro desta vía autonómica. Búscase reforzar a seguridade neste tramo da OU-112 que discorre paralelo ao Camiño de Santiago e que carece de beirarrúa.

Tamén se acondicionou o firme nese treito e dispúxose nova sinalización, incluíndo dispositivos reflectantes para a mellor visibilidade dos peóns e a minoración da velocidade dos vehículos. Esta obra é unha das actuacións que a Xunta desenvolve nos treitos das vías autonómicas coincidentes coa traza



Trátase de favorecer a mobilidade e a comodidade dos peregrinos.

da Vía da Prata para reforzar a seguridade viaria e favorecer o tránsito dos peregrinos. As actuacións neste Camiño acadan un investimento autonómico próximo aos 225.000 €.

Na Vía da Prata proxectáronse 14 actuacións, 13 delas na provincia de Ourense ao seu paso polos municipios de Laza, Sarreaus, Ourense, A Mezquita e Piñor, co fin de mellorar a seguridade viaria e a accesibilidade

nos cruzamentos ou treitos do Camiño coas estradas autonómicas. Ademais desta obra, leváronse a cabo nove actuacións en distintos puntos da OU-113, ao seu paso por Sarreaus e por Laza. Tamén se executaron actuacións na estrada OU-105, en Ourense; na OU-311, na Mezquita, e na estrada OU-154 en Piñor. Inclúese, ademais, unha actuación na PO-902, no concello pontevedrés de Lalín.

Montederramo terá un novo centro de saúde



Visita á parcela na que se ubicará o edificio.

Persoal técnico do Sergas fixo unha visita á parcela proposta polo Concello de Montederramo para a construción do novo centro de saúde. O delegado da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, e o alcalde de Montederramo, Antonio González Álvarez, estiveron presentes.

O goberno galego decidiu priorizar a construción dun novo centro de saúde en Montederramo tendo en conta que o actual centro de saúde, de 33 anos de antigüidade, comparte espazos con outras actividades municipais e que presenta múltiples caren-

cias, deficiencias estruturais, funcionais e de accesibilidade que dificultan unha atención de calidade.

Para substituílo, o documento estratéxico propón un novo centro cun plan funcional que contempla unha consulta de medicina, unha consulta de enfermería e unha sala polivalente, da que carece o actual inmoible, ademais doutras estancias como sala de xuntas para o persoal. En consecuencia, o plan prevé que o novo centro, con case 405 m2 cuadriplique en superficie ao actual, que apenas chega aos 100 m2.

Os usuarios da residencia Porta do Camiño na Ribeira Sacra



O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, Fernando González Abeijón, acompañou aos usuarios da residencia pública autonómica Porta do Camiño de Santiago de Compostela a unha excursión pola Ribeira Sacra, un dos paraxes naturais máis preza-

dos de Galicia. Os residentes realizaron unha excursión en catamarán polo río Sil, na que disfrutaron da ladeira, dos viñedos, así como o patrimonio natural e arquitectónico que se encontra á beira do Sil. Despois da viaxe en barco, os usuarios de Porta do Camiño tamén gozaron dunha comida conxunta para culminar a excursión.

O PP reclama melloras de accesibilidade á terminal da estación da Gudiña

Celso Delgado e Ana Vázquez, deputados do PP pola provincia de Ourense, presentaron no Congreso senllas iniciativas nas que poñen de manifesto os problemas de accesibilidade que sofren os usuarios da estación de alta velocidade da Gudiña, “Porta de Galicia”, que deben percorrer un treito por estrada para chegar a pe á terminal e salvar unha rampla cun 6 % de desnivel para acceder á plataforma.

A nova estación experimentou un notable aumento no número de viaxeiros desde a súa inauguración e a posta en funcionamento da liña de alta velocidade Madrid-Galicia, a finais do pasado decembro, destacan os deputados ourensáns, “polo que transcorridos cinco meses desde entón resulta

incomprensible que aínda non se procedera á execución das melloras de accesibilidade”, atendendo ás queixas dos usuarios e á solicitude formulada pola Xunta de Galicia e o propio Concello.

En concreto, os representantes do PP reclaman dous proxectos: a continuidade da senda peonil que parte desde o casco urbano ata a nova terminal, e a instalación dun ascensor para acceder á plataforma.

Polo que respecta á primeira demanda cómpre sinalar que a nova estación de alta velocidade está situada nas aforas da poboación. Para facilitar o acceso aos viaxeiros, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade construíu unha senda peonil pola marxe esquerda da estrada OU-533, pero esta só chega ata as proximidades

da terminal pois debe ser Adif a que lle dea continuidade nos terreos da súa propiedade. Xunta e Concello, sinalan Delgado e Vázquez, “xa trasladaron esta cuestión ao administrador ferroviario, sen obter polo de agora resposta positiva algunha”.

Pero os viaxeiros “non só se ven na obriga de transitar sen protección ao carón da estrada, o que resulta aínda máis perigoso durante a noite”, senón que ao chegar á terminal teñen que salvar unha longa rampla cun 6 % de desnivel, “tanto as persoas con mobilidade reducida como os usuarios que veñen cargados coas súas equipaxes”. A solución está nun ascensor “para cuxa instalación xa quedou construído o oco necesario”. É dicir, “un investimento alcanzable de case 70.000



Acceso peonil por estrada á estación.

euros en comparación co custo da estación, de preto de 4 millóns de euros”.

A nova estación da Gudiña atópase a pouco máis de 75 quilómetros de Ourense e atende a crecente demanda de viaxeiros non só procedentes das comarcas de Monterrei e Valdeorras, senón tamén do distrito portugués de Tras-Os-Montes próximo a Chaves, e de Vila Real, converténdose así tamén en parada para os destinos termais de Verín, Chaves, Vidago

e Pedras Salgadas.

Adif-AV aprobou a licitación desta terminal de alta velocidade en setembro de 2018, tomando o nome de “Porta de Galicia”. A adjudicación das obras produciuse en abril de 2019 por un importante de 3,2 millóns de euros, cantidade que se ampliaría despois en preto de 650.000 euros máis. A estación foi inaugurada polo rei Filipe VI o 20 de decembro do pasado ano, coincidindo coa viaxe inaugural do AVE a Galicia.

Muíños terá un novo centro de saúde que duplique a superficie actual

Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade, e Plácido Álvarez, alcalde de Muíños, asinaron un convenio de colaboración para a construción dun novo centro de saúde nesta localidade que duplicará a superficie do actual, pasando dos 170 m² aos 340. Será un edificio de uso exclusivo sanitario, co que isto supón para a ordenación da asistencia. En concreto, contará cunha sala polivalente que poderá usarse para a atención de casos urxentes ou para a realización de técnicas. Para os profesionais tamén terá melloras importantes, cunhas dimensións nas consultas cos criterios unificados do Sergas e, por primeira vez, cunha sala de xuntas, vestiarios e almacén.

O conselleiro remarcou que “poucas veces cando asinamos un convenio o trámite municipal vai tan avanzado”, polo que agradeceu ao alcalde esa axilidade que vai permitir á Xunta



Plácido Álvarez e Julio García Comesaña.

acelerar o proceso de construción. En consecuencia, o departamento sanitario galego comezará a tramitar a encomenda de xestión á Axencia Galega de Infraestruturas para que licite canto antes o proxecto arquitectónico do novo centro, e unha vez que o teña, licitarase a obra “pois seguro xa teremos a parcela en titularidade autonómica”. Polo tanto, “esta axilidade e previsión coa que actuou o concello vai permitir que o de Muíños sexa un dos primeiros centros de

saúde do Plan de Infraestruturas sanitarias que entre en funcionamento”.

O máximo responsable do Sergas sinalou que esta sinatura demostra que para este Goberno a sanidade no rural é unha prioridade. Non hai investimento só nos hospitais ou nos centros de saúde urbanos, -dixo Comesaña-, “hai unha aposta porque a cidadanía do rural reciba a mellor asistencia e porque os profesionais que exercen nestes centros traballen nas mellores condicións”.

Ir Indo presentou o libro O río Arnoia



Intervención de Benito Reza.

A editorial Ir Indo presentou no Liceo de Ourense o libro *O Río Arnoia*. Bieto Ledo, director da editorial, comentou que todos os participantes na edición do libro son ourensáns: Xosé Luís Méndez Ferrín autor do prólogo; Xosé Benito Reza, redactor dos textos; Plácido Rodríguez, fotógrafo e o mesmo Ledo.

O autor dos textos sinalou que empezou a percorrer o río Arnoia desde a Serra de San Mamede ata a súa desembocadura no Miño, no ano 2005 e continuou en 2009 logo de ocupar un alto cargo na Xunta de Galicia. Indicou que desde pequeno é afeccionado á pesca e lamentou que baixasen as solicitudes de licenzas de pesca nos ríos.

Máis información na nosa web
www.novasdоеixoatlantico.com

Redacción OURENSE

Vilar de Santos contará co respaldo económico da Deputación

O presidente da Deputación, Manuel Baltar, visitou o Concello de Vilar de Santos para ratificar nunha reunión de traballo co novo alcalde, Antonio Míguez, o apoio do goberno provincial a catro proxectos relacionados cos ámbitos da eficiencia enerxética, infraestruturas e cultura. Cun importe global superior a 100.000 euros, estas actuacións serán incluídas no expediente de modificación de créditos que se presentará ao pleno da institución provincial no mes de setembro.

Manuel Baltar explicou que os proxectos nos que vai a cooperar o goberno provincial xa foran analizados durante o encontro que mantivo no Pazo Provincial co novo alcalde, logo da súa toma de posesión no pasado mes de marzo. "Este Concello é un exemplo de dinamización do medio rural e nós imos seguir acollendo iniciativas que vaian neste sentido, respondendo aos concellos como administración



Os proxectos son de eficiencia enerxética, infraestruturas e cultura.

máis próxima á veciñanza e desde a Deputación como máis próxima aos concellos".

Antonio Míguez expresou o seu agradecemento e o do equipo de goberno por esta visita institucional a Vilar de Santos, así como tamén "por contar co apoio da Deputación, básico para os concellos que somos máis pequenos".

Os proxectos que contarán con financiamento por parte da Deputación pertencen ao ámbito da eficiencia enerxética, a realizar

no lugar de Vieiro e na zona do Centro de Día (52.000 euros); a humanización e mellora das rúas Fornos e Seixo, incluídas na Área de Rehabilitación Integral (ARI) de Vilar de Santos (27.000 euros); a pavimentación de pistas da parcelaria en Casas da Veiga (18.000); e para o mantemento e funcionamento do Museo Etnográfico da Limia (12.000). O presidente da Deputación visitou este espazo museístico ao acabar a reunión no Concello de Vilar de Santos.

O Irixeo quiere plantar cereal destinado ao gando



Inés Santé, José González e Manuel Cerdeira.

A Xunta e o Concello do Irixeo analizarán a posibilidade de poñer en marcha unha agrupación de xestión conxunta nesta localidade ourensá para impulsar a plantación de cereal destinado á gandería. Así se acordou na reunión que mantivo o conselleiro do Medio Rural, José González, acompañado da directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Inés Santé, co alcalde do municipio, Manuel Cerdeira.

O Concello do Irixeo está interesado en aumentar as posibilidades de alimentación para o gando apostando pola plantación de cereal no lugar de Matelo, en beneficio dos produtores da zona. Nesa dirección, o conselleiro ins-

tou a apostar pola figura da agrupación de xestión conxunta, promovendo o acordo entre propietarios de cara a potenciar este aproveitamento de xeito conxunto.

As agrupacións de xestión conxunta son un dos instrumentos principais contemplados na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Así, xunto coas aldeas modelo ou os polígonos agroforestais, trátase dunha ferramenta concibida para crear nova actividade económica no rural, contribuíndo á xeración de riqueza e á fixación de poboación. Ao tempo, avánzase na anticipación aos incendios forestais, ao exercer esta actividade de devasa natural fronte aos lumes.

Bancos públicos para 28 aldeas de Montederramo

A Xunta de Galicia e o Concello de Montederramo colaborarán na execución dunha actuación urbanística para mellorar os equipamentos públicos dunha trintena de núcleos rurais do municipio, cun investimento total previsto de case 40.000 euros. Este foi o compromiso asumido esta semana pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, e o alcalde, Antonio Rodríguez, a través da sinatura dun convenio no que fixaron os termos da súa colaboración técnica e económica para levar a cabo esta obra.

A intervención consistirá no subministro e instalación dun total de 34 bancos de madeira tratada contra a couza, termitas e insectos en 28 aldeas do concello: Gabín, Os Abeledos, Cacharrequille, Vigueira de Arriba, Mazaira, Valdarias, Touzal, A Mo-



Ángeles Vázquez e Antonio Rodríguez.

gaínza, Paredes, As Corraínzas, O Regueiro, O Outeiro, Os Pereiros, Valderrique, Santiago da Medorra, A Graña, San Fitoiro, Vigueira de Abaixo, Ferrón, A Retorta, Moás, Vila Pequena, Veducedo, Cascarballo, A Xestosa, A Mioteira, A Reguenga e Vilariño Pequeno.

Cun investimento comprometido no convenio de 38.015,94 euros (que alcanzará nun 70% o departamento autonómico e nun

30% o goberno municipal), esta intervención se enmarca no chamado plan Hurbe específico para a Ribeira Sacra. Trátase dunha das 10 medidas incluídas dentro do Plan de acción estratéxico para esta zona que aprobou en 2019 a Consellería co fin de impulsar actuacións por 4,5 millóns de euros para mellorar a súa planificación e protección a nivel paisaxístico, urbanístico e ambiental.

Xubilacións no Sergas



Foto de familia ao pé da catedral de San Martiño.

Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras púxose de gala o sábado 21 de maio para despedir aos e ás profesionais que se xubilaban o ano pasado. A covid

deu tregua e permitiu que se celebrase un acto no Teatro Principal que serviu de homenaxe aos que se van con orgullo de pertencer a gran familia dos sistema sanitario galego en Ourense.

O novo filme de Dani de la Torre foi presentado en Sober

Patricia Torres, deputada de Cultura e Proxectos Audio-visuais de Ourense, participou en Sober na presentación comercial do filme "Live is Life", dirixido por Dani de la Torre e que conta co patrocinio da Deputación ourensana. A película rodouse principalmente en localizacións da Ribeira Sacra ourensá, un aspecto que foi destacado na súa intervención pola deputada: "Esta é unha mostra máis de que Ourense é o lugar ideal para gravar filmes, grazas ás súas paisaxes espectaculares".

Así mesmo, recalcou Patricia Torres, para a institución provincial "é un pracer colaborar neste tipo de proxectos, sobre todo nos que

participan persoas tan recoñecidas, reafirmando a nosa aposta por converter a provincia nun plató de cine".

"Galicia é unha personaxe máis deste filme, grazas a uns espazos espectaculares e unhas localizacións preciosas", destacou o director da película. "Todo isto non sería posible sen a Deputación de Ourense, á cal agradezo a súa axuda e as facilidades que nos brindaron", engadiu Dani de la Torre.

Galicia de mediados dos 80

Este filme que mestura elementos de comedia e drama, está ambientado na Galicia de mediados dos anos 80 e conta a historia dun rapaz que regresa a Galicia

coma todos os anos polas vacacións de verán para ver os seus amigos, que tamén veñen de diferentes partes de España. Porén, xorden problemas poñendo en risco a súa amizade. Os rapaces pensan escapar na noite de San Xoán para atopar unha flor máxica e que lles permitirá solucionar eses problemas.

O guión da película foi realizado por Albert Espinosa que, tras o éxito de "Pulseras vermellas", voltou á escritura cinematográfica cun reparto que conta con nomes como Adrián Baena, Juan del Pozo, Raúl del Pozo, David Rodríguez e Javier Casellas. Esta película clausurou o OUFF do ano pasado e Dani de la Torre recibiu



o Premio Ourense en 2020

O director da película, Dani de la Torre, é un dos cineastas españois con máis recoñecemento internacional despois de proxectos como "O descoñecido" (2015) e "A sombra da lei" (2018). Montfortino do 1975, formouse en Bemposta e na súa traxectoria profesional ten fitos como dirixir este ano a gala dos Goya. De la Torre recibiu o Premio Ourense do OUFF no 2020. Un festival que, precisamente, pechou a súa edición do 2021 co estreno de

"Live is Life".

"Live is Life", gravada no 2020, foi unha das primeiras grandes apostas do goberno provincial no eido audiovisual, na que se asociou con Warner -distribuidora- e Atresmedia. De fondo está a liña de traballo desenrolada pola Deputación de Ourense para converter á provincia nun gran plató de cine, e que desembocou este ano coa rodaxe simultánea de catro proxectos na provincia: "La manzana de oro", "O neno e o can", "Honeymoon" e "13 exorcismos".

Bike Park Junior

Piscina y circuito termal

Parque Multiaventura *nuevos retos!*

Rutas a caballo

Tiro con arco

Tirolina

Bike Park *nuevas pistas!*

Manzaneda
Estación de Montaña

Actividades en la naturaleza *¡y mucho más!*

Menú Buffet **15€**

APARTAMENTOS 3 a 7 plazas desde **80€/noche**

Telesilla turística

Senderismo

Pistas deportivas

Rocódromo infantil *nuevo*

Paintball *nuevo*

Rutas bici eléctrica *nuevo*

Eventos JUNIO 2022

5 junio **Enduro**
Manzaneda Bike Park

25 y 26 junio **Extrema**
Manzaneda

Manzaneda
Estación de Montaña

988 30 90 90 **manzaneda.com**

PATROCINAN

XUNTA DE GALICIA

CONCELLO DE MANZANEDA

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE TRAZO

CONCELLO DE VAL DO DUBRA

CONCELLO DE VIVEIRO

CONCELLO DE ZAS

CONCELLO DE BARRO

CONCELLO DE BURELA

CONCELLO DE CARBALLO

CONCELLO DE CEDEIRA

CONCELLO DE CERVO

CONCELLO DE ESGOS

CONCELLO DE FOZ

CONCELLO DE GUNTÍN

CONCELLO DE LUGO

CONCELLO DE OURENSE

CONCELLO DE PONTEAREAS

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCELLO DE